

## “Non é imprescindible que un neno vaia ao cole antes dos 6 anos”

Catherine  
L'Ecuyer

Divulgadora educativa  
e autora de *Educación  
no asombro*

Se non se escolarizan antes dos 6 anos, os nenos non están a perder oportunidades únicas de desenvolvemento que nunca poderán recuperar. Son palabras da divulgadora educativa Catherine L'Ecuyer, canadense establecida en Barcelona, que colabora co *Mind Brain Center*, do Instituto Cultura e Sociedade (ICS) da Universidade de Navarra (UNAV), e que imparte conferencias sobre a importancia de educar no asombro. Precisamente, este é o nome do seu libro que, coa súa décimo oitava edición, se converteu nun dos supervendas educativos dos últimos anos.

**Cal sería a idade ideal de comezo escolar?** Iso decídeno os pais. Non é imprescindible que un neno vaia ao cole antes dos 6 anos. Se vai antes, non é porque sexa obrigatorio ou o necesite, senón porque os pais traballamos e os horarios son os que son. O que máis necesita un neno nesa etapa é crear un vínculo de apego seguro co seu principal cuidador, non estimular a súa intelixencia. Os argumentos do “período crítico” e da necesidade dun contorno enriquecido na educación infantil son mitos. Calquera experto en neurobioloxía da educación dirá o mesmo. Agora ben, se temos que escolarizalos nesas idades, faremos o posible para que a súa experiencia sexa positiva. O preescolar ten que procurar ser a extensión do fogar, un lugar no que o neno poida ter respostas ás súas necesidades afectivas.

**Que é o “período crítico”?** É un período no que unha determinada destreza ou habilidade necesariamente ha de desenvolverse, unha oportunidade que pasa nunca máis se repite. Non hai evidencias científicas que apoiem a existencia de períodos críticos na educación. É un “neuromito” porque

hoxe sabemos que a plasticidade cerebral ocorre durante toda a vida.

**Non hai habilidades que se desenvolven máis facilmente nesa etapa?** Si, os idiomas. Aprenderlos con 30 anos será posible e máis en inmersión total, só que custará máis que con 2. Os científicos prefíren falar de “períodos sensitivos”, durante os cales certas aprendizaxes son máis fáciles que noutros.

**En animais e plantas algúns estudos demostraron que hai períodos críticos.**

Si, a carencia extrema de estímulos en certos animais ou en plantas usouse para defender a existencia de períodos críticos na educación en humanos. Pero é un fallo metodolóxico. Que a carencia absoluta dun estímulo leve a danos irreversibles non pode facernos concluir que a sobre estimulación sexa beneficiosa, e menos para o ser humano e nun contexto educativo. O neno normalmente non está nun contorno de carencia absoluta de estímulos, a non ser que estea atado nunha habitación ás escuras. Segundo o neurobiólogo americano Dan Siegel, “os nenos necesitan unha cantidade mínima de estímulos, nun contorno normal”, e iso pódoo dar un fogar perfectamente.

**Pódese aumentar a intelixencia dos nenos coa estimulación temperá?**

Non. A estimulación temperá é unha fraude. É un método importado dos Estados Unidos nos anos 80 baseado nun tratamento ideado por Doman e Delacato para nenos con lesións cerebrais. Foi trasladada despois ao ámbito educativo. *Neurology*, máxima autoridade en neurociencia no mundo; a Academia Americana de Pediatría e outras asociacións internacionais aclaran que non ten base científica e non dá resultados. É máis, hoxe sabemos que sobreestimar un cerebro por encima do necesario pode causar efectos prexudiciais.

**Nos seus libros fala de “educar no asombro e na realidade”. En que consiste?** Os nenos nacen con asombro, que significa non dar o mundo por suposto. A beleza da realidade asombra. Os nenos necesitanlo porque o cerebro humano está feito para aprender en clave de realidade. Os últimos estudos en neurociencia confirman que os nenos non aprenden a través de discursos, fichas ou pantallas, senón que necesitan experiencias reais e relacións interpersoais en directo.

**Cales son os principais “neuromitos” que cita nas súas obras?** “Os tres primeiros anos son críticos para a aprendizaxe”, “só usamos o 10 % do noso cerebro”, “temos unha intelixencia infinita”, “o contorno enriquecido favorece a aprendizaxe”, “os estilos de aprendizaxes deberían depender da dominancia cerebral (dereita ou esquerda)” etc. Un recente estudo sinala que unha porcentaxe relativamente alta de mestres os cren. Por iso é importante darlles voz a expertos que falan de temas científicos nunha linguaxe entendible.

**Con tantas actividades extraescolares e deberes, estamos a roubarlles a súa nenez?** Non estou en contra dos deberes con moderación, pero nunca debería haber en educación infantil. É a idade do xogo desestruturado, que contribúe a desenvolver as funcións executivas, importantes para o bo progreso do neno. O importante non é que o contorno poña o neno en marcha, senón que o neno se poña en marcha a través do seu contorno.

**Están os nenos de hoxe día excesivamente estimulados?** Sen dúbida. Hai que baixar o nivel de tensión, de frenesí, de consumo. Hai que respectar os seus ritmos internos, as súas etapas. Máis natureza, máis misterio, máis realidade, máis beleza...

✚ [www.consumer.es](http://www.consumer.es)

